

### ÁMBITO

Localidade	A Fonsagrada
Comarca	Lugo Centro
Lugar de realización	Local do BNG

### ÁSISTENCIA

Nº Asistentes (no momento de maior participación)	6
Nº de non militantes asistentes	0
Nº de militantes convocad@s---	

### DESENVOLVEMENTO DA ASEMBLEA

<i>Persoas a cargo das que recaeu a explicación do proceso</i>	
A nivel local	Aitor Rodriguez Villagarcía
Representante do Consello Nacional	Bernardo Valdês e Lucía López

### NÚMERO DE PERSOAS QUE INTERVIRON

Duración aproximada da reunión	1 hora 30 minutos
Metodoloxía empregada (clásica, grupos pequenos, pizarras, etc)	Clásica, sentados en cadeiras en semicírculo

### VALORACIÓN POR PARTE DA PERSOA RESPONSÁBEL LOCAL DO TRANCURSO DA REUNIÓN

*Tono xeral da xuntanza, comparativa cunha asemblea ordinaria, valoración en xeral das e dos participantes, etc.*

A xuntanza transcorreu nun tono desenfadado e moi participativo, intevindo todas as persoas presentes na mesma.

### PROPOSTAS PARA O DEBATE

Listaxe de propostas (o máis sintéticas posíbeis):

- Elaboración dun discurso e dunha práctica política que resposte a realidade dual existente na Galiza (diferente dinámica rural-urbano) Necesidade de atendimento ao

ámbito rural.

- Reformulación da estratexia comunicativa do BNG.

Con carácter xeral:

- Constátanse 2 posturas amosadas na xuntanza: unha, defendida pola maioría das persoas presentes, que considera que o BNG debe conservar as súas siglas e manterse vivo como organización. Outra que considera que o BNG debe integrarse nunha posible confluencia.

### **Radiografía da Galiza de hoxe**

- Falta de conciencia nacional na sociedade galega. O nacionalismo esta estancado neste sentido.
- Cambios no modelo social derivados da crise económica dos últimos anos.
- Existe unha dinámica rural-urbano moi diferente. O BNG non sabe adaptar o seu discurso e as súas praxes a esta diferente realidade presente no País.
- Os Concellos están desmantelados (sen xuventude, sen emprego, sen servizos sociais...)
- O caciquismo segue existindo e funcionando, e non precisamente entre a xente de avanzada idade e menos formada academicamente falando, senón todo o contrario.
- Algunhas intervencións consideran que cuestións como a independencia de Catalunya non benefician ao nacionalismo galego, pola utilización que fan deste tema sectores españoлисты que fomentan discursos de odio cara o pobo catalán que callan na xente.

### **Estratexia política do nacionalismo galego**

- O BNG debe asumir que a situación de conflito interno, moi duro e constante, levou á pouca credibilidade do proxecto nacionalista. Algunhas intervencións consideran que se gastaron máis esforzos en dirimir diferenzas internas ca en trazar unha estratexia política a seguir.
- Prodúcese queixas a respecto dalgunhas situacións acontecidas estando o BNG nos gobernos da Xunta e da Deputación.
- Destácanse como problemas de carácter organizativo do BNG:
  1. A escasa implantación nos Concellos rurais.
  2. Esquecemento do rural: algunhas intervencións consideran que o BNG esqueceu o rural e o sindicalismo agrario nacionalista está desaparecido. Así mesmo, consideran que o discurso actual de cara ao rural é errado ou, directamente, o BNG non ten discurso nin mensaxe en moitos temas que están a acontecer.
- O BNG non ten unha estratexia comunicativa ben plantexada.



**Participación política e modelo organizativo**